

DECRETO

ASUNTO: CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA PARA REFORZAR A PROTECCIÓN DOS DEREITOS DAS PERSOAS CONSUMIDORAS NO CONCELLO DE AMES 2024

EXPEDIENTE: 9829/2024

ANTECEDENTES:

En data 30.04.2024, Rocío Arnoso Moure con 44.813.964M, en representación da Unión de Consumidores de Galicia, ven de presentar a correspondente solicitude dunha achega nominativa de 6.000 € para que o Concello de Ames colabore coa Unión de Consumidores de Galicia nas accións e actividades para reforzar a defensa das persoas na súa calidade de consumidoras e usuarias nas oficinas do Concello de Ames no exercicio 2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. Acreditación de que o beneficiario reúne todas as condicións establecidas para poder obter a subvención proposta.

Da documentación aportada derívase o cumprimento por parte da entidade dos requisitos establecidos para acceder á condición de beneficiario dunha achega pública, nos termos establecidos no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 9 da Lei 9/07, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Consta no expediente certificados de atoparse ao corrente das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Ames.

SEGUNDO. Competencia do concello sobre a materia.

O artigo 51 da Constitución Española, do 27 de decembro de 1978, establece que os poderes públicos garantirán a defensa das persoas consumidoras, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos das mesmas, así como promoverán a súa información e educación, fomentarán as súas organizacións e oiranas nas cuestións que poden afectarlles.

O artigo 30 1. 4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece que corresponde á Comunidade Autónoma Galega, a competencia exclusiva sobre a defensa do consumidor e o usuario. En desenvolvemento desta competencia ditouse a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, cuxo artigo 71 atribúe ás entidades locais a promoción e desenvolvemento da protección e defensa das persoas consumidoras nos seus respectivos ámbitos territoriais, en máis concretamente, a información e asesoramento ás persoas consumidoras, a súa formación e educación, así como o apoio e fomento das organizacións de consumidores presentes no seu territorio.

O artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras: “g)... *a defensa de usuarios e consumidores*”.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local na súa Disposición adicional primeira referente ao réxime aplicable ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local indica que *“As competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, no seu caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais”*.

TERCEIRO.- Motivos de interese público que xustifican o outorgamento da achega.

Que a Unión de Consumidores de Galicia ten como misión recoller e representar as aspiracións e reivindicacións das persoas consumidoras e usuarias para a protección da súa saúde, a súa seguridade e os seus intereses económicos e sociais, así como promover un consumo consciente, socialmente xusto e sostible.

As actuacións a subvencionar polo concello basearíanse en dous eixos principais, colaborar coa labor de información e asesoramento en materia de consumo para a cidadanía e nas actividades de natureza formativa e divulgativa precisas para afondar nuns coñecementos, que cada vez resultan máis necesarios. A demanda de servizos máis especializados por parte das persoas consumidoras implica non só contar con amplos coñecementos na materia, senón contar tamén cunha considerable experiencia tanto ao tempo de trasladar información, prestar asesoramento e desenvolver actividades de comunicación pública.

A Unión de consumidores de Galicia pretende poñer en marcha un programa de información, formación e educación da veciñanza de Ames, requiren dun especial apoio tanto no que refire ao tratamento das materias de consumo que máis preocupan á cidadanía como no deseño e realización de actividades formativas e informativas.

De acordo coas bases de execución do Orzamento entenderase por subvención nominativa aquela que por razóns excepcionais de interese público se outorgue expresamente a unha Entidade pública ou privada para a realización dunha actividade ou un investimento concreto, específico e determinado, de interese xeral ou utilidade pública, por non resultar posible ou conveniente a aplicación dos principios xerais de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación, por razóns de interese público.

CUARTO.- Razóns polas que non resulta posible ou conveniente a aplicación dos principios de publicidade e concorrência.

A Unión de consumidores de Galicia, dispón de dúas oficinas en Milladoiro e en Bertamiráns, que ven prestando servizos a cidadanía do Concello de Ames dende o ano 2016, situándose coa súa actividade e incluso amplíe os servizos que ven prestando ante a demanda da cidadanía sobre todo no ámbito das novas tecnoloxías.

O carácter nominativo da subvención ven determinado pola singularidade dos traballos que desenvolve a Unión de consumidores de Galicia sendo a única asociación que desenvolve estes servizos para a cidadanía no Concello, non existindo a posibilidade de aplicar os principios de concorrência e publicidade xa que non existen asociacións sen ánimo de lucro que desenvolvan as actividades indicadas.

QUINTO.- Acreditación da realización da actividade

A beneficiaria da subvención virá obrigada a xustificar documentalmente a realización das actividades obxecto deste convenio, o cumprimento das condicións establecidas e a aplicación dos fondos recibidos.

Os gastos subvencionables a que se destinen as axudas serán aqueles gastos xerados durante a vixencia do convenio e realizados (pagados) dentro do prazo establecido para a xustificación da subvención concedida e que, de maneira indubidable, responda á natureza da actividade subvencionada.

En ningún caso serán subvencionables: os xuros debedores das contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.

Non se considerarán subvencionables a adquisición de mobiliario, equipo, vehículos, infraestruturas, bens inmoables e terreos e, en xeral, aqueles gastos en bens, obras e servizos nos que incorrera a entidade para desenrolar os proxectos de actividades financiadas e que teñan a consideración de inversión.

Igualmente non serán obxecto de financiación os gastos financeiros, os de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización das actividades subvencionadas.

En ningún caso o importe da subvención recibida, poderá ser superior ao custe total das actividades que se financian. Así mesmo, no caso de que a entidade obteña aportacións doutros entes públicos ou privados para o desenvolvemento desta actividade, a suma destas aportacións non poderá superar o montante que supoña a execución das mesmas (neste caso, a aportación municipal minorarase en función dos ingresos recibidos pola entidade).

Se a documentación presentada para a xustificación da subvención se atopan financiadas por outras administracións deberá indicar, en todo caso, o importe da subvención concedida, a persoa traballadora afectada e/ou factura/s, así como a

porcentaxe imputada. Para elo os documentos xustificativos do gastos acompañaranse dun certificado expedido polo organismo competente que indique tales extremos.

Caso contrario, considerarase que o gasto que acredita dito documento foi financiado na súa totalidade, polo que non se admitirá para a xustificación da subvención obxecto do presente convenio.

Documentación a presentar para a acreditación do gasto:

A xustificación do gasto conforme ao fin para o que a subvención é concedida, deberá realizarse aportando a conta xustificativa que deberá incluír a documentación que a continuación se relaciona:

Unha Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas correspondente ao período que se xustifica, firmada polo responsable da entidade, que conterá:

- Unha relación clasificada dos gastos de persoal destinado á execución das actividades, xerados durante o período que se xustifica e imputados á subvención, que consistirá nunha ficha cadro con desagregación dos seguintes apartados:
 - Xustificación de retribucións dinerarias á persoa que atenda a oficina (nómina no caso de traballadores do réxime xeneral ou factura emitida por profesional, TC1 e TC2 e declaracións de IRPF).
 - A posible financiación dos gastos de persoal por outras Administracións, indicando as porcentaxes imputadas a cada unha.
 - Unha relación clasificada dos gastos de organización, xerais e de funcionamento (ficha cadro con listado facturas, indicando nº, proveedor, concepto, base imponible, IVE, total factura, % imputado á subvención e % financiado con outros fondos, públicos ou privados).
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaran a mesma actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - Copia lexible das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, validamente emitidas, entendendo por tales aquelas que inclúan os elementos sinalados pola normativa en cada caso.
 - Se a entidade beneficiaria opta por imputar como gasto subvencionable o importe correspondente ao IVE das facturas presentadas, deberá aportar debidamente cumprimentada unha declaración responsable, segundo modelo formalizado, pola que se xustifica a contía do IVE soportado correspondente aos gastos subvencionables que se estima susceptible de compensación ou recuperación polo beneficiario da subvención mediante a dedución nas súas declaracións-autoliquidacións IVE.

HASH DO CERTIFICADO:
2552C5906968C1689FC6B4BE967BB9BF010C732
5F7367E3E1A5792D3CE5CF85E18BD81333F0F4D2

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
Secretario accidental

NOME:
GARCÍA PIÑEIRO, JOSE BLAS
PARDO MARTÍNEZ, ROGELIO

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2E45216DA268BF34086

- Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Facenda Autonómica e Municipal.
- Así mesmo a entidade deberá presentar unha Memoria de actuación anual xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e da aplicación dos fondos recibidos que permita o seguimento e avaliación do desenvolvemento das accións que se financien mediante o presente convenio.

SEXTO.- Consta que a entidade beneficiaria non conta con outras achegas públicas para o financiamento deste gasto.

Por todo en uso das competencias atribuídas polo artigo 21.1s) da Lei reguladora de bases de réxime local **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de 6.000€ á entidade Unión de Consumidores de Galicia, con CIF G-15160609, para o financiamento do Programa Reforzo á protección dos dereitos das persoas consumidoras no concello de Ames para o exercicio 2024.

Custe do Programa: 7.500 €
Achega municipal: 6.000 €
Coeficiente de Financiamento: 80%

Segundo.- Aprobar o convenio a subscribir coa entidade Unión de Consumidores de Galicia, con CIF G-15160609, que consta como anexo I.

Terceiro.- Autorizar, dispoñer o gasto de acordo co seguinte:

Aplicación orzamentaria 4314.48928
Importe: 6.000€

Cuarto.- Notificar este acordo á entidade beneficiaria.

Quinto.- Dar traslado aos servizos económicos aos efectos oportunos.
ANEXO I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE AMES E A UNIÓN DE CONSUMIDORES DE GALICIA PARA REFORZAR A PROTECCIÓN DOS DEREITOS DAS PERSOAS CONSUMIDORAS

COMPARECEN

Dunha parte, o D. José Blas García Piñeiro, que actúa en nome e representación do Concello de Ames, do que é alcalde. E doutra parte **Miguel López Crespo** Secretario Xeral da Unión de Consumidores de Galicia, con CIF G-15160609, actuando en representación da Unión de Consumidores de Galicia, segundo así resulta da do acordo adoptado pola Xunta Directiva da Entidade do 22.02.2022 e dos poderes presentados, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

Comparece o primeiro en calidade de alcalde-presidente, en nome e representación do Excmo. Concello de Ames (en adiante Concello), con CIF P15002001, e domicilio na Praza do Concello, N.º 2 (15220) Bertamiráns – Ames, en tanto que o segundo actúa en calidade de Unión de Consumidores de Galicia, con CIF G-15160609, con sede social na rúa Boiro número 3 1º A de Santiago de Compostela.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade plena para o presente outorgamento na condición en que respectivamente interveñen e, en consecuencia,

EXPOÑEN

I – Que a Unión de Consumidores de Galicia (UCGAL) é unha entidade sen ánimo de lucro que inclúe entre os seus fins a defensa e promoción dos dereitos individuais e colectivos dos consumidores, a súa información e formación, tanto xeral como en relación a bens e ten como misión recoller e representar as aspiracións e reivindicacións das persoas consumidoras e usuarias para a protección da súa saúde, a súa seguridade e os seus intereses económicos e sociais, así como promover un consumo consciente, socialmente xusto e sostible.

Para a consecución dos seus fins a UCGAL poderá colaborar con entidades públicas e privadas no desenvolvemento de actuacións dirixidas cara á formación e defensa dos consumidores e usuarios.

II – Esta Asociación vén desenvolvendo co Concello de Ames desde o ano 2023 accións e actividades para reforzar a defensa das persoas na súa calidade de consumidoras e usuarias nas oficinas do Concello de Ames:

III – Que o Concello de Ames e considera convinte colaborar en reforzar a defensa da cidadanía do municipio de Ames na súa calidade de persoas consumidoras e usuarias mediante a formulación por ambas partes deste Convenio de Colaboración.

IV O artigo 51 da Constitución Española, do 27 de decembro de 1978, establece que os poderes públicos garantirán a defensa das persoas consumidoras, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos das mesmas, así como promoverán a súa información e educación, fomentarán as súas organizacións e oiranas nas cuestións que poidan afectarlles.

O artigo 30.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, establece que corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, nos termos do disposto nos artigos trinta e oito, cento trinta e un e cento corenta e nove, un, once e trece, da Constitución, a competencia exclusiva en materia de defensa do consumidor e usuario.

En desenvolvemento desa habilitación estatutaria publicouse a Lei 2/2012, de 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, cuxo artigo 71 atribúe ás corporacións locais as facultades de promover e desenvolver a protección e defensa das persoas consumidoras nos seus respectivos ámbitos territoriais, co alcance e contido que lles atribúe a presente lei e o resto das normas xurídicas de aplicación, no marco da planificación e programación que se estableza pola Administración Autonómica, e en particular, o apoio e fomento das organizacións de consumidores radicadas no seu territorio.

O artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras: “g)... a defensa de usuarios e consumidores”.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local na súa Disposición adicional primeira referente ao réxime aplicable ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local indica que “As competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, no seu caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais”.

VI –A subvención que se instrumenta mediante este convenio de colaboración está prevista nominativamente no orzamento municipal aprobado para o actual exercicio, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos art. 22.2 e 28 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A Unión de consumidores de Galicia, dispón de dúas oficinas en Milladoiro e en Bertamiráns, que ven prestando servizos a cidadanía do Concello de Ames dende o ano 2016, ubicándose ambas oficinas en dependencias municipais. Existe un claro interese público en que continúe coa súa actividade e incluso amplíe os servizos que ven prestando ante a demanda da cidadanía sobre todo no ámbito das novas tecnoloxías.

O carácter nominativo da subvención ven determinado pola singularidade dos traballos que desenvolve a Unión de consumidores de Galicia sendo a única asociación que desenvolve estes servizos para a cidadanía no Concello, non existindo a posibilidade de aplicar os principios de concorrencia e publicidade xa que non existen asociacións sen ánimo de lucro que desenvolvan as actividades indicadas

VII – Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinalan na cláusula 50 e 51.3 das bases de execución do orzamento relativas ás subvencións nominativas para o exercicio e contido do convenio respectivamente.

VIII - Que ambas partes cómpren os requisitos para o outorgamento de Subvencións, que sinala a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (artigo 6), e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Que en base ás precedentes consideracións, as partes intervincentes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da precitada subvención de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS**PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade concreta da subvención.**

Constitúe obxecto do presente Convenio a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nas Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Ames a favor da Unión de Consumidores de Galicia para colaborar coas accións e actividades para reforzar a defensa das persoas na súa calidade de consumidoras e usuarias nas oficinas do Concello de Ames:

- Información, orientación e asesoramento ás veciñas e veciños de Ames na súa calidade de persoas consumidoras e usuarias, acerca dos dereitos derivados da Lei 2/2012, de 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras, e do Real Decreto Lexislativo 1/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral para a Defensa dos Consumidores e Usuarios e outras leis complementarias.
- Realizar anualmente, en espazos públicos municipais, dúas sesións informativas sobre os dereitos das persoas consumidoras e usuarias, así como promover un consumo consciente, socialmente xusto e sostible.

SEGUNDA.- Normativa reguladora.

A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; polos pactos que se conteñen neste Convenio; as bases de execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

TERCEIRA.- Obrigacións do Concello.

O Concello de Ames destinará unha dotación de 6.000 euros anuais, con cargo á aplicación orzamentaria 4314-48928 para colaborar na actividade que a Unión de Consumidores de Galicia no concello de Ames, que lle permita facer fronte aos gastos relativos á pago aos profesionais expertos en consumo e as actividades que realice para o desenvolvemento deste Convenio.

O Concello facilitará os locais necesarios para o desenvolvemento do servizo de asesoramento que en todo caso contarán con servizo de acceso a internet, equipamento informático, impresora, mobiliario que permita a custodia de expedientes, e liña telefónica. Igualmente facilitará os locais nos que se impartirán as sesións informativas e charlas.

CUARTA.- Financiamento da actividade.

A actividade será financiada coa achega municipal establecida na cláusula terceira deste convenio.

En relación co art. 32 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (en diante, RLXS), enténdese que o orzamento do Concello estableceu a achega municipal como un importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, será a cargo do beneficiario a diferenza de financiamento que resulte necesaria para total execución da actividade subvencionada.

Se o **custo total da actividade subvencionada resultase ser menor** que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Esta subvención será **compatible** con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que poida establecer a normativa reguladora aplicable.

Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Ames a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no art. 34 do RD 887/2006 do 21 de xullo.

QUINTA.- Obrigacións da entidade beneficiaria.

1 Aos efectos deste Convenio a Unión de Consumidores de Galicia comprométese a prestar gratuitamente servizos de información, orientación e asesoramento xurídico en materia de consumo a cantas veciñas e veciños de Ames na súa calidade de persoas consumidoras e usuarias o requiran.

O asesoramento realízase por unha persoa experta en lexislación de consumo, de maneira presencial nas seguintes localizacións e horarios:

- Martes de 10.00-14.00 e de 16.30 – 20.30 na oficina situada na Rúa Viorneira, 6 baixo do Milladoiro.
- Xoves de 10.00-14.00 e de 16.30 – 20.30 na oficina situada no Pazo da Peregrina en Bertamiráns.

Así mesmo e no marco deste Convenio a Unión de Consumidores de Galicia proporcionarase información, orientación e asesoramento xurídico a través dun número de teléfono específico (662130312) e unha conta de correo electrónico (ames@consumidores.gal).

A información, orientación e asesoramento xurídico implica explicar de forma clara e comprensible, a cantas veciñas e veciños de Ames na súa calidade de persoas consumidoras e usuarias o requiran, os seus dereitos e as vías e procedementos máis eficaces para defendelos.

Na actividade da Unión de Consumidores de Galicia que realiza en Ames non está a xestión de reclamacións por parte do departamento xurídico da Unión de Consumidores de Galicia e da persoa profesional da Oficina de Información de Ames por cales procedementos sexan, tales como mediación, arbitraje, denuncia ou demanda xudicial. Xa que a xestión de reclamacións é un servizo que a Unión de Consumidores de Galicia proporciona soamente ás persoas que teñan a condición de socios/as.

Non obstante a Unión de Consumidores de Galicia a través deste Convenio comprométese casos nos que concurra a condición de persoa consumidora ou usuario previo o ditame dos servizos sociais do Concello de Ames, poderán ser atendidas as súas reclamacións.

2 A Unión de Consumidores de Galicia rexistra e grava na nunha base de datos informática, a lo menos, os seguintes datos das consultas atendidas: número dos asesoramentos; sector económico e empresa; motivo da queixa ou asesoramento; canal ou modalidade de atención, aos efectos da posterior xustificación da axuda.

Os ditos datos serán analizados pola Unión de Consumidores de Galicia, cuxo informe anual se presentará ao Concello de Ames.

3 A Unión de Consumidores realiza enquisas de satisfacción ás persoas atendidas de maneira presencial na Oficina de Información na que se preguntará polo grado de satisfacción cos atributos de calidade máis habituais neste tipo de servizos: valoración do asesoramento, claridade, utilidade, confianza e trato recibido.

Os datos de dita enquisa serán analizados pola Unión de Consumidores de Galicia, cuxo informe anual presentárase ao Concello no momento da xustificación da achega..

4 A Unión de Consumidores realizará anualmente dúas sesións informativas e formativas aos veciños e veciñas, en distintos locais públicos do Concello de Ames sobre problemas relativos á temática de consumo, de especial relevancia social e/ou actualidade, ou sobre a promoción dun consumo consciente, socialmente xusto e sostible.

A temática concreta das sesións informativas, as datas e o lugar de realización das charlas acordarase coa Concellería que asigne o Concello de

Ames.

5 A Unión de Consumidores de Galicia fará constar na Oficina de Información e en todas as comunicacións ou publicidade que se efectúe das accións que son obxecto deste Convenio, que as mesmas están subvencionados polo Concello de Ames.

6 A Unión de Consumidores de Galicia fará partícipe ao Concello de Ames da obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera das Administracións Públicas ou de Entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.

7 Os compromisos que a Unión de Consumidores de Galicia puidera adquirir, para o desenvolvemento das súas actividades, non establecerán vínculos de ningunha natureza co Concello de Ames.

8 O persoal que a Unión de Consumidores de Galicia destine á realización das accións previstas no presente Convenio non se poderá considerar vinculado por relación laboral co Concello de Ames.

9 Facer constar en toda información ou publicidade que se efectúe das actividades que as mesmas están subvencionados polo Concello de Ames para o que deberá aparecer o logotipo do Concello de Ames, así como o dos departamentos ou empresas municipais que colaboren co programa en cada unha das fases do mesmo e aqueles que sexan propostos polo propio Concello de Ames, que proporcionará os formatos nos que se desexe que aparezan os seus logotipos ademais do da entidade e dos patrocinadores no seu caso.

10 Adoptar as medidas que garantan a adecuada publicidade da financiación dos proxectos obxecto de subvención, de conformidade co establecido na Lei de subvencións de Galicia e no Decreto de desenvolvemento.

A tales efectos, as partes asinantes do presente convenio comprométese a levar a cabo campañas de promoción dos programas que desenvolvan.

SEXTA.- Gastos subvencionables

Os gastos subvencionables a que se destinen as axudas serán aqueles gastos xerados durante a vixencia do convenio e realizados (pagados) dentro do prazo establecido para a xustificación da subvención concedida e que, de maneira indubidable, responda á natureza da actividade subvencionada, incluíndo os efectuados antes da sinatura do convenio que se describen detalladamente na documentación presentada coa solicitude da axuda.

En todo caso, deberá acreditarse fidedignamente no xustificante de gasto que está directamente relacionado coa actividade e que está efectivamente pagado antes da data de finalización do prazo de presentación da xustificación establecido neste convenio.

En consecuencia, unicamente se admitirán xustificantes de gastos realizados entre o 01 de xaneiro e o 15 de decembro do ano 2024.

Os gastos que se realicen apartándose do proxecto ou fóra do seu prazo de execución non serán subvencionables.

En ningún caso o custo de adquisición dos conceptos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En ningún caso serán subvencionables: os xuros debedores das contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.

Non se considerarán subvencionables a adquisición de mobiliario, equipo, vehículos, infraestruturas, bens inmobles e terreos e, en xeral, aqueles gastos en bens, obras e servizos nos que incorra a entidade para desenrolar os proxectos de actividades financiadas e que teñan a consideración de inversión.

Igualmente non serán obxecto de financiación os gastos financeiros, os de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización das actividades subvencionadas.

SÉTIMA.- Aboamento da subvención.

O réxime de **pagamentos** acordado é o seguinte:

Os gastos e pagos realizados dende o 1 de xaneiro ata o 30 de xuño de 2024 xustificaranse ata o 31 de xullo de 2024, gastos realizados dende o 1 de xullo de 2024 ata 30 de novembro de 2024 xustificaranse ata 15 de decembro de 2024.

Unha vez xustificado o primeiro período o concello aboará o 50% do total da axuda concedida, o 50% restante aboarase unha vez xustificado o gasto total da axuda.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do art. 31.7.e da lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Non poderá pagarse a subvención en tanto a Asociación non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello e coa Axencia Tributaria e a Seguridade Social ou mentres sexa debedor por resolución de reintegro. Neste sentido sinalar que de conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello de Ames solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, e o propio Concello de Ames, para verificar o cumprimento deste apartado.

Con todo, a Asociación solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada, debendo neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións de cumprimento.

OITAVA. Xustificación da subvención.

1 Establécense dous prazos de xustificación:

- Para os gastos e pagos realizados dende o 1 de xaneiro ata o 30 de xuño de 2024 ata o 31 de xullo de 2024.
- Para os gastos realizados dende o 1 de xullo de 2024 ata 30 de novembro de 2024 ata o 15 de decembro de 2024.

Unha vez xustificado o primeiro período o concello aboará o 50% do total da axuda concedida, o 50% restante aboarase unha vez xustificado o gasto total da axuda.

Transcorrido o prazo de presentación da xustificación, o Servizo responsable, e no prazo dun mes, requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de 10 días hábiles sexa presentada.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido levará consigo a revogación e no seu caso reintegro e demais responsabilidades establecidas na normativa en vigor sobre subvencións públicas. A presentación da xustificación no prazo establecido tras o requirimento, non eximirá ao beneficiario das sancións que conforme á normativa correspondan.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellaría de Promoción económica O responsable técnico do Programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

2 A entidade beneficiaria deberá achegar, a xustificación do cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu e a aplicación dos fondos recibidos, xunto coa seguinte documentación integrante da conta xustificativa simplificada:

- Unha Memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas correspondente ao período que se xustifica, firmada polo responsable da entidade, que conterá:
- Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento xerados durante o período que se xustifica e imputados á subvención, que consistirá nunha ficha cadro con desagregación dos seguintes apartados:
 - Xustificación de retribucións dinerarias á persoa que atenda a oficina (nómina no caso de traballadores do réxime xeneral ou factura emitida por profesional, TC1 e TC2 , no caso de que se practicasen retencións do IRPF xustificación de ter presentado as declaracións correspondentes na AEAT).
 - A posible financiación dos gastos de persoal por outras Administracións, indicando as porcentaxes imputadas a cada unha.
 - Unha relación clasificada dos gastos de organización, xerais e de funcionamento (ficha cadro con listado facturas, indicando nº, provedor, concepto, base imponible, IVE, total factura, % imputado á subvención e % financiado con outros fondos, públicos ou privados).
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaran a mesma actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - Copia lexible das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, validamente emitidas, entendendo por tales aquelas que inclúan os elementos sinalados pola normativa en cada caso.
 - Se a entidade beneficiaria opta por imputar como gasto subvencionable o importe correspondente ao IVE das facturas presentadas, deberá aportar debidamente cumprimentada unha declaración responsable, segundo modelo formalizado, pola que se xustifica a contía do IVE soportado correspondente aos gastos subvencionables que se estima susceptible de compensación ou recuperación polo beneficiario da subvención mediante a dedución nas súas declaracións-autoliquidacións IVE.
 - Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Facenda Autonómica e Municipal.
- Declaración responsable acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 - Que foron aboadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
 - Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade subvencionada con indicación do seu importe e procedencia.
- No seu caso, carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados, xunto cos xuros derivados dos mesmos.

O gasto xustificarse preferentemente con facturas, aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio aceptados no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. As facturas e os xustificantes de valor equivalente deberán reunir os requisitos que establece o artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigacións de facturación.

No caso de facturas emitidas por persoas físicas en concepto de servizos profesionais, a Asociación estará obrigada a reter o IRPF, cos límites e excepcións que establecen a Lei e o Regulamento do imposto, debéndose acreditar cos modelos 111 e 190 da AEAT e os correspondentes xustificantes de pago.

3 Documentación a presentar para a acreditación do pago:

A acreditación do pago efectivo de cada un dos gastos. Só se considerará gasto realizado o que foi efectivamente pagado antes de finalizar o período de xustificación.

Cada un dos documentos de pago debe acreditar de forma inequívoca que foi pagado mediante transferencia bancaria ou comprobante de pago que permita identificar o gasto concreto ao que corresponde.

No caso dos seguros sociais, cando as entidades transmitan a relación nominal de traballadores e traballadoras a través do Sistema Red e tiveran solicitado a domiciliación en conta do pago das cotas, deberán aportar como xustificante válido do ingreso o xustificante de cargo remitido pola entidade financeira, no que aparecerán desagregados todos os conceptos, bases e cotas da liquidación abonada.

Para os pagos que realizen mediante transferencia bancaria, deberá de vir reflectido no correspondente documento xustificativo de dita transferencia o n.º de factura a que corresponde e no caso de que se trate dun pago parcial, deberá vir indicado o seu n.º ordinal en relación ao total de pagos efectuados. A suma dos documentos de pago correspondentes deberá coincidir co total da factura.

Os pagos en efectivo serán a excepción. Admitiranse pagos individualizados en efectivo por importes de ata 150 euros. No caso de que o pago estea fraccionado en varios pagos, o límite de 150 euros entenderase para o conxunto dos devanditos pagos fraccionados.

Para xustificar os pagos en efectivo deberá achegarse un recibo no que conste que ao emisor foille satisfeito o importe, con identificación da factura que lle corresponde, ou ben que na propia factura ou xustificante de gasto conste que recibiu o importe e a data en que o recibiu, quedando así acreditada a conformidade da persoa contratista ou provedora.

En consecuencia, para acreditar a realización do pago de gastos superiores a 150 euros, o sistema será a transferencia bancaria ou a domiciliación dos gastos, debendo acompañarse á factura o xustificante de pago bancario (extracto bancario, cargo ou movemento bancario). Se o pago se realízase mediante talón ou cheque deberá achegarse copia do mesmo, ademais do extracto do movemento bancario, que acredite que o destinatario o fixo efectivo.

Todos os pagos relacionados coa finalidade deste convenio aconséllase que se realicen desde unha única conta bancaria, non podendo subvencionarse pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a propia Asociación.

O Concello resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Por tanto, a Asociación quedará obrigada a facilitar tanta información lle requira o servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes para o control de contas.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Benestar Social e pola Intervención Xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

NOVENA.- Comprobación da axeitada xustificación da subvención.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellaría de Promoción Económica.

O responsable técnico do Programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- Reintegro.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei 9/2007.

Cando o incumplimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa desta, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, pero que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro na mesma proporción.

En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO PRIMEIRA. Publicidade das subvencións.

De conformidade co artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e a entidade/persoa beneficiaria será obxecto de publicación no Portal da Transparencia do Concello de Ames.

Por ese motivo, a entidade beneficiaria da subvención queda suxeita así mesmo a subministrar de forma periódica, actualizada, clara, veraz, obxectiva e accesible a información relevante para garantir a transparencia, facilitar o control cidadán da actuación pública e fomentar a participación, previo requirimento da administración municipal, para garantir o deber de publicidade activa do Concello de Ames cumprindo coas esixencias da Lei 19/2013.

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvenciones e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación dos beneficiarios serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á **Base de Datos Nacional de Subvencións**, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao **Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia**.

Para o caso de que a entidade beneficiaria da subvención realice algún tipo de **actividade publicitaria ou de difusión** do proxecto subvencionado, deberá dar a axeitada publicidade ao financiamento municipal, previa conformidade da Concellaría de Benestar Social.

DÉCIMO SEGUNDA. Vixencia do convenio.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024.

En todo caso, a realización do obxecto da subvención efectuarase desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o 15 de decembro de 2024, sempre e cando se continúe co obxecto do convenio e exista consignación orzamentaria no orzamento de gastos aprobado polo Concello de Ames para o exercicio 2024

DÉCIMO TERCEIRA.- Infraccións e sancións.

Polo que respecta ás **infraccións e sancións** en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ao procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (lei 40/2015) e da LPACAP (Lei 39/2015) relativos ao exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO CUARTA. Causas de resolución do convenio.

De conformidade co establecido no artigo 51 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, o presente convenio extinguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir algunha das seguintes causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo segunda.

- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
Neste caso, calquera das partes poderá requirir á parte incumplidora para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.
Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista nas leis.

DÉCIMO QUINTA.- Comisión de seguimento, vixilancia e control.

Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do convenio que estará composta por dous representantes designados pola UGAL, dous representantes designados polo Concello e presidida pola concelleira de promoción económica.

A comisión constituirase no prazo dun mes desde a súa entrada en vigor.

A comisión quedará validamente constituída cando asistan a maioría dos membros de cada unha das partes.

Os acordos adoptaranse por maioría simple de cada unha das partes.

A comisión reunirse cando así o solicite a maioría dunha das partes podendo celebrarse por medios electrónicos conforme aos art. 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

DÉCIMO SEXTA.- Protección de datos.

Ambas as partes comprométese a cumprir co disposto na lexislación vixente de protección de datos, e en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello (RGPD), do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e cantas outras normas sexan de aplicación, así como as obrigacións e as responsabilidades que se deriven das mesmas.

O responsable do tratamento dos datos que consten no expediente desta axuda é o Concello de Ames.

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención.

A lexitimación do tratamento está baseada no consentimento manifestado coa solicitude de participación nesta convocatoria de axudas.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames).

Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o Delegado de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal.

DÉCIMO SÉTIMA.- Control financeiro

A subvención que se pretende formalizar queda sometida á comprobación que debe realizar o órgano interventor, de conformidade co previsto no artigo 213 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais e o establecido no Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Os beneficiarios quedan, polo tanto, sometidos aos procedementos **de control ou auditoría** que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas.

DÉCIMO OITAVA.- Natureza.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polas normas que serviron de base á concesión da subvención e pola restante lexislación vixente na materia.

As posibles cuestións litixiosas ou controversias ás que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ambas as partes sométese expresamente á xurisdición dos tribunais do contencioso administrativo da Provincia da Coruña, co que a Asociación renuncia ao foro do seu propio xuíz e domicilio.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento en Ames, na data reflexada nas respectivas sinaturas electrónicas, de todo o que eu, como secretaria da administración municipal, dou fe.



O alcalde
José Blas García Piñeiro

O secretario
Rogelio Pardo Martínez

HASH DO CERTIFICADO:
2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732
5F7367E3E1A5792D3CE5CF85E18BD81333F0F4D2

POSTO DE TRABALLO:
Alcalde
Secretario accidental

NOME:
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS
PARDO MARTINEZ, ROGELIO

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2E45216DA268BF34086

